



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANUNCIO

A Alcaldía deste Concello por Resolución do día 23 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo

APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL

1. Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto esta convocatoria a selección de dous/dúas auxiliares de Policía Local do Concello de Muros durante tres meses, mediante contrato de duración determinada a xornada completa.

2. Características do posto

Área de subscrición: Policía Local

Denominación: auxiliar da policía local

Grupo de clasificación: Subgrupo C2

Titulación: título de graduado en educación secundaria obligatoria ou equivalente

Outros coñecementos: CELGA 3 ou equivalente

Funcións:

Desempeñarán as funcións de apoio aos membros do corpo de Policía Local no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade, de conformidade co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia, a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da dita lei, a Orde do 28 de xaneiro de 2009, reguladora das probas dos procesos selectivos e demais disposicións de pertinente aplicación.

3. Sistema de selección

O sistema de selección será mediante o procedemento de oposición libre.

4. Requisitos das persoas aspirantes

Para poder formar parte da oposición será necesario que as persoas aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- a) Pertencer a calquera dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea e o Acordo sobre o espazo económico europeo, con coñecementos suficientes da lingua castelá e/ou galega. As persoas estranxeiras que non pertencen a algún dos estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 12 meses, a titulación esixida para o posto ao que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo. A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ao día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, no caso de ser seleccionadas.
- d) Non estar afectadas por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos nas disposicións da Lei de incompatibilidades referidos ao persoal das administracións públicas.
- e) Non ter sido condenadas por delito doloso, nin estar inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- f) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso ao funcionariado do grupo C2, segundo o establecido no art. 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.
- g) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros para homes e 1,60 para mulleres.

5. Admisión de persoas aspirantes.

As persoas aspirantes presentarán a solicitud para participar no proceso selectivo no Rexistro do Concello de Muros achegando orixinal ou copia compulsada da documentación xustificativa de cumprir todos os requisitos establecidos no punto anterior, ademais da seguinte documentación:

- a) DNI.
- b) Certificado médico no que se faga constar expresamente que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nas probas.
- c) Certificado de estudos segundo o previsto na letra f do punto anterior.

Concello de Muros



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

d) CELGA 3 ou equivalente, se é o caso.

A solicitude tamén se poderá presentar por calquera outro medio establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se a documentación fose enviada correo postal deberá remitir ao correo electrónico do Concello: alcaldia@muros.es a solicitude dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para a presentación de solicitude será de **dez días** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da oferta de emprego no xornal. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

6. Relación de persoas admitidas e excluídas

Rematado o prazo de inscrición, publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, tendo un prazo de dous días dende a publicación da lista para presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de non haber reclamacións, esta lista provisional entenderase definitiva.

Nesta relación fixarase o lugar e hora de realización do primeiro exercicio. O Tribunal establecerá o lugar e a hora da realización dos seguintes exercicios que poderán ser no mesmo día.

7. Probas

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección, son as que se describen a continuación:

Primeira proba: comprobación da estatura segundo o establecido na letra g) do punto 3 destas bases.

Segunda proba: probas de aptitude física. Esta proba cualificarase como apta ou non apta.

1.- Potencia tren inferior. Salto vertical:

A persoa aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 cm da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado. Poderanse mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode

separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar. Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

Permitirase dous intentos, só ás persoas que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á distancia que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e por grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

2.- Resistencia xeral. Carreira de 1 000 m lisos:

Realizarase nunha pista de atletismo ou en calquera zona de terreo totalmente plano. A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase de pé.

Só se permite un intento. A persoa que abandone a carreira quedará excluída.

A proba consistirá en correr unha distancia de 1 000 metros no tempo máximo que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4 min. 30 seg.	5 minutos	5 min.15 seg.
Mulleres	5 minutos	5 min.30 seg.	5 min.45 seg.

Terceira proba: consistirá na contestación por escrito dun cuestionario sobre 50 preguntas tipo test referidas aos temas do programa, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo Tribunal. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de unha hora para a súa realización.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e será preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminada. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-(F/3))/5$.

Sendo N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F= preguntas erradas.

Cuarto proba: consistirá en contestar por escrito nun período máximo de dez minutos a 9 preguntas tipo test, con catro alternativas de resposta cada unha, referidas ao termo municipal



e á toponimia local. Este exercicio cualificarase de 0 a 3 puntos, e para superala será necesario acadar, como mínimo, unha puntuación de 1,5 puntos.

Quinta proba: coñecemento da lingua galega.

Está proba será obrigatoria para as persoas que non acrediten estar en posesión do nivel de galego requirido (CELGA 3 ou equivalente).

A proba terá como referencia os modelos empregados para cada nivel pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para as probas de acreditación dos Certificados de Lingua Galega (CELGA), a súa cualificación será a de apto ou non apto.

8. Composición do tribunal

O Tribunal estará composto por:

PRESIDENTE/A: Manuel Esmorís Tajés; suplente: José Luís Romero Vázquez

SECRETARIO/A: José Manuel Mayo Priegue; suplente: Inés Tajés Grille

VOGAL: Eva María Tajés Pérez; suplente: Noelia Louro Louro

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

9. Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257



Para poder exercer como auxiliar de policía local, a persoa candidata debe estar en posesión do curso de auxiliar de policía local.

Para isto, o Concello procederá a inscribir na Academia Galega de Seguridade na primeira convocatoria pública ata catro persoas con máis puntuación e que carezan do curso de auxiliar de policía local correndo a cargo dos candidatos os gastos de desprazamento e manutención. As persoas que posúan esta titulación deberán achegala xunto coa solicitude.

Transcorridos tres días hábiles dende o remate do curso as persoas que non presenten no Rexistro do Concello a documentación de superar o curso de maneira satisfactoria serán eliminadas do proceso.

Estas listas poderán empregarse para cubrir baixas ou renuncias de auxiliares contratados ou seleccionados en base a este proceso selectivo.

A contratación realizarase por orde de puntuación nas listas. A comunicación da selección da persoa realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo traballador que a realiza.

Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao final da lista, agás que este rexeite sexa por ter un contrato en vigor ou estar de baixa médica, en tal caso deberá acreditarlo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate da baixa ou contrato.

10. Incidencias

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

11. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contaranse desde o día seguinte á publicación da resolución.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. A Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificadoras da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do/a auxiliar de policía